Un libro aberto é un cerebro que fala; cerrado, un amigo que agarda; esquecido, unha alma que perdoa; destruído, un corazón que chora.

Proverbio Hindú

Os libros son os pilares da liberdade dos pobos.

Domingo F. Sarmiento

As lembranzas que deixa un libro ás veces son máis importantes que o libro en sí.

Adolfo Bioy Casares

Débese ler moito, pero non moitos libros; ésta é unha regra excelente. A lectura é como o alimento: o proveito non está en proporción do que se come, senón do que se dixire.

Jaime Balmes

Os libros son para as mentes xuvenís o que o vivificante sol e a refrescante chuvia primaveral son para as sementes.

Thomas Mann

Os malos libros provocan malos costumes e os malos costumes provocan bos libros.

René Descartes

Engadir unha biblioteca a unha casa é dotar a esta de alma.

Cicerón

Os libros teñen os mesmos inimigos que o home: o lume, a humidade, os animais, o tempo e o seu propio contido.

Paul Valery

Dos nosos pais aprendemos a rir e a amar, e a dar os primeiros pasos. Pero cando abrimos un libro, descubrimos que temos ás.

Helen Hayes

Os libros ensináronme a pensar e o pensamento fíxome libre.

Ricardo Corazón de León

Dos diversos instrumentos inventados polo home, o máis asombroso é o libro; todos os demais son extensións do seu corpo... Só o libro é unha extensión da imaxinación e a memoria.

Jorge Luís Borges

"O regalo dun libro, ademais de obsequio, é un delicado eloxio."

Anónimo

É bon libro aquel que se abre con expectación e se cerra con proveito.

Bronson Alcott

"Para viaxar lonxe, non hai mellor nave que un libro."

Emily Dickinson

"Os libros son, entre os meus conselleiros, os que máis me agradan, porque nin o temor nin a esperanza lles impiden dicirme o que debo facer."

Alfonso V

"Que outros chufen as páxinas que escribiron; a mín enorgullécenme as que lín."

Jorge Luís Borges

"Amar a lectura é trocar horas de fastío por horas de inefable e deliciosa compaña."

John F. Kennedy

"Cando rezamos falamos con Deus, pero cando lemos é Deus quen fala con nós."

San Agostíño

"A lectura dun bon libro é un diálogo incesante no que o libro fala e a alma contesta."

André Maurois

"Le e conducirás, non leas e serás conducido."

Santa Teresa de Xesús

"A lectura fai ao home completo; a conversación, áxil; e o escribir, preciso"

Francis Bacon

"Sempre imaxinei que o Paraíso sería algún tipo de biblioteca"

Jorge Luís Borges

"Ordenar bibliotecas é exercer dun modo silencioso a arte da crítica"

Jorge Luís Borges

"Polo grosor do po dos libros dunha biblioteca pública, pode medirse a cultura dun pobo"

John Ernest Steinbeck

"En Exipto chamábaselle ás bibliotecas o tesouro dos remedios da alma. En efecto, curábase nelas da ignorancia, a máis perigosa das enfermidades e a orixe de todas as demais"

Jacques Bénigne Bossuet

"Non hai libro tan malo que non se poida aprender algo bon del"

Plinio "o Novo"